

CLÁUSULA DE DEREITOS LINGÜÍSTICOS

As partes asinantes deste convenio recoñecen o valor da lingua galega como patrimonio común e comprométense a contribuír á súa normalización e presenza na vida laboral.

As persoas traballadoras terán dereito a empregar o galego nas súas relacións laborais internas e na súa actividade profesional, particularmente nas relacións co persoal e coa clientela situada en Galicia, sen que isto poida supoñer discriminación nin limitación de dereitos.

As empresas e as representacións das persoas traballadoras manifestan o compromiso de favorecer no seo da empresa o uso progresivo do galego, garantindo en todo caso a calidade do servizo e as necesidades da empresa.

As partes poderán acordar no seo da comisión paritaria plans ou accións de fomento do galego adaptadas ás características do sector, co obxectivo de consolidar un uso natural da lingua na actividade laboral.